



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de xuño de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e dez minutos do día once de xuño de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(614).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(615).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A ADXUDICACIÓN DA AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPORADA NAS PRAIAS: QUIOSCOS DO CONCELLO DE VIGO 2018. LOTES 1 E 2. EXPTE. 13046/306.

Dáse conta da proposta asinada en data 7/06/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de xuño de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Adjudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018. Lotes 1 e 2 (13.046-306)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo co criterio de adjudicación sinalado no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a adjudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018. Lotes 1 e 2 (13.046-306) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 *areal da Punta (A Guía)*:

	Licitadores	PUNTUACIÓN
1	ALBERTO LAGO CHAPELA	100,00
2	IVÁN MARTÍN BARCIELA	88,05

- Lote 2 *areal do Vao*:

	Licitadores	PUNTUACIÓN
1	RICARDO SANTIAGO DAPONTE	100,00
2	MANUEL LAGO CHAPELA	98,06

Segundo.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ALBERTO LAGO CHAPELA e RICARDO SANTIAGO DAPONTE, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (150.2 da LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 5 e 10 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 11 do PCAP (1.200 euros por lote) e, só para o lote 2, resgardo do depósito a disposición do xefe do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra (1.125 euros).

Terceiro.- Requirit aos citados licitadores o aboamento de 192,20 euros (96,10 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
M^a Isaura Abelairas Rodríguez

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez